

2018

MEMORIA

DE ACTIVIDADES



COGAMI

COGAMI

ÍNDICE

Carta do Presidente	1
Quen somos?	2
Organigrama	4
COGAMI en cifras	5
Apoio a entidades	6
Apoio en centros	8
Formación	10
Emprego	12
Información e asesoramento	14
Sensibilización	16
Accesibilidade	18
Lecer e deporte	20
Comunicación e relacións institucionais	22
Iniciativas de economía social	24
Entidades membro	28
Puntos de atención	42
Financeiros	43

CARTA DO PRESIDENTE

Queridas amigas e amigos:

O ano 2018 foi un ano de enorme dedicación e compromiso no que todas as persoas que formamos COGAMI implicámonos ao máximo para sacar adiante os proxectos e servizos que permiten dar resposta ás necesidades das persoas e favorecer a súa participación en igualdade de oportunidades.

A atención ás persoas, o acceso á formación e ao emprego, a promoción da autonomía persoal e a vida independente, a accesibilidade, a igualdade e o empoderamento das nenas e mulleres con discapacidade, a saúde, as necesidades do movemento asociativo, a posta en marcha de novas iniciativas, etc., en definitiva, o recoñecemento dos dereitos das persoas con discapacidade foron as nosas prioridades.

O conxunto das actividades desenvolvidas pola organización realizouse de modo normalizado. Os centros de recursos e delegacións ano tras ano consolidan a súa actividade, prestando atención



“O recoñecemento dos dereitos das persoas con discapacidade foron as nosas prioridades”

directa ás persoas con discapacidade en todo o territorio galego, apoiando persoas protagonistas dos seus proxectos de vida.

Novas entidades incorporáronse a COGAMI este ano, a través das Federacións, ASEM Galicia, ASOTRAME, ALCER Pontevedra, e AVEMPO. Benvidas, porque traballando en rede formamos sector de acción social.

E no ámbito da economía social, COGAMI Empresarial continúa nunha situación de estabilidade, non sen dificultades, xerando oportunidades laborais ás persoas con discapacidade, e poñendo en valor un modelo de emprendemento social resultado da organización da iniciativa social en prol da inclusión das persoas.

Como non podía ser doutro xeito, quero terminar transmitíndovos o agradecemento de COGAMI polo traballo realizado. Asociacións, voluntariado, persoas e entidades colaboradoras, profesionais, persoal directivo,... temos grandes retos, traballamos por unha causa xusta, e co compromiso de todas e todos avanzaremos na mellora da calidade de vida das persoas con discapacidade.

Dende estas liñas, anímovos a coñecer as actividades desenvolvidas e os principais resultados froito do noso labor ao longo do pasado ano 2018.

O meu agradecemento por facer de COGAMI un punto de referencia en Galicia.

MISIÓN



Conseguir a **plena inclusión das persoas con discapacidade** en todos os ámbitos da sociedade, a través da defensa e promoción dos seus dereitos, da reivindicación do cambio social, da potenciación do asociacionismo e da prestación de servizos que satisfagan as súas necesidades e expectativas.

VISIÓN



Un movemento asociativo consolidado e amplamente recoñecido pola sociedade en xeral, polos seus valores e liderado na busca de novas metodoloxías de traballo coas persoas con discapacidade e na prestación de servizos de excelencia dirixidos ás mesmas.

QUEN SOMOS?

A Confederación Galega de Persoas con Discapacidade -COGAMI- é unha entidade sen ánimo de lucro, declarada de utilidade pública e constituída por 54 asociacións de persoas con discapacidade física e orgánica. Presta servizos ás persoas con discapacidade e conta con 11 iniciativas empresariais de economía social que empregan a máis de 800 persoas.

VALORES



Adhírese á Declaración Universal dos Dereitos Humanos, á carta de Dereitos Sociais da UE, ás normas unificadas de Igualdade e á Convención da ONU sobre os Dereitos das Persoas con Discapacidade. Ademais, adopta estes valores:

Valores de xestión

- Transparencia
- Mellora continua
- Innovación
- Calidade
- Profesionalidade
- Democracia interna
- Enfoque de xénero

Valores de entidade

- Defensa de dereitos das persoas con discapacidade
- Igualdade interseccional
- Solidariedade
- Participación
- Implicación social
- Independencia

COMO NOS ORGANIZAMOS?

ESTRUTURA ORGANIZATIVA

COGAMI está constituída por 16 asociacións membro directo, sendo estas 4 federacións provinciais, 2 entidades autonómicas e 11 asociacións comarcais. Estas catro federacións están integradas por outras asociacións, ata conformar

Un movemento asociativo de **54** entidades

COGAMI

A nivel autonómico, é unha das fundadoras de:

Comité de Entidades Representantes de Persoas con Discapacidade de Galicia (CERMI Galicia)

Rede Galega contra a Pobreza (EAPN-Galicia)

A nivel estatal, forma parte de:

COCEMFE (Confederación Española de Personas con Discapacidad Física y Orgánica)





RECOÑECEMENTO Á EXCELENCIA

COGAMI conta dende o ano 2013 cun **SELO DE EXCELENCIA EUROPEA 400+ EFQM**, un recoñecemento á mellora continua na xestión e atención ás persoas con discapacidade.

Este percorrido na procura da excelencia iniciouse en 2009 cando se consegue o **SELO COMPROMISO COA EXCELENCIA 200+EFQM**, un camiño orientado a responder con calidade ás necesidades das persoas con discapacidade, das entidades asociadas, financeiras e colaboradoras e das persoas que se comprometen profesionalmente coa Organización.

ORGANIGRAMA





QUE FACEMOS?

APOIO A ENTIDADES

A área de **Fortalecemento do Movemento Asociativo** apoia toda a rede de entidades que conforma COGAMI, prestándolles información e asesoramento, xestión de recursos, programación e organización de cursos, sensibilización social e de saúde e fomentado a participación en actividades de lecer.

390

solicitudes recibidas de

50

asociacións

Nestes programas participaron

1.115

persoas



499



616

As solicitudes de apoio que as entidades trasladan a COGAMI incrementan anualmente.

Das solicitudes recibidas resolvéronse o 97% e o 3% restante está en proceso.

O tipo de apoio máis solicitado estivo relacionado coas axudas con subvención, chegando a 93 solicitudes. Algunhas destas solicitudes tardan un ano en resolverse dende que se solicita o apoio ata a xustificación final, incluíndo toda a xestión documental e selección e contratación de profesionais.

Tras estes apoios xermolaron dous proxectos financiados polo Fondo Social Europeo a través da Consellería de Política Social para impartir 8 cursos e 2 accións de deseño e seguimento de itinerarios formativos individuais. Tamén esta área xestionou dous programas de fisioterapia para asociacións membro.

SERVIZOS E PROGRAMAS

PREVENCIÓN DA DEPENDENCIA E PROMOCIÓN DA AUTONOMÍA

Actividades dirixidas á rehabilitación para conseguir mellorar a independencia funcional físico-motora, minimizar os procesos dexenerativos, estimular as posibilidades de movemento e autonomía persoal, potenciar as capacidades residuais e loitar contra as secuelas da inactividade.

Fisioterapia, natación terapéutica, hidroterapia, traballo das habilidades sociais e comunicativas, atención psicolóxica e da autonomía persoal...

320

persoas participantes



154



166

FORMACIÓN

Obradoiros desenvolvidos en Mos nos servizos de atención diúrna ocupacional e terapéutica.

Artesanía e coiro, informática, horta e xardín. Tamén se impartiu informática á carta en Ponteareas.

50

persoas participantes



22



28

Dentro dos apoios ás entidades está o de ofrecer formación ao seu persoal laboral.

EN 2018, 14 entidades foron adheridas ao convenio de formación continua de COGAMI.

LECER

Actividades ligadas ao goce do lecer e tempo libre para persoas con discapacidade, xunto con outras ligadas ao ámbito educativo, cultural e formativo.

En 2018 desenvolvéronse 44 accións.

745

persoas participantes



323



422



A Consellería de Política Social visita as instalacións de Mos



Inauguración da exposición do proxecto EnREDarte na Cidade da Cultura

Actividades

Organizamos actividades dirixidas ás asociacións logrando unha participación de 73 persoas de 27 asociacións.

Algunhas das actividades foron:

- Seminario de organización de eventos a través de EAPN Galicia.
- Seminario sobre o Regulamento Xeral de Protección de Datos (RGPD).
- Xornada formativa para a contratación de persoas traballadoras a través da Orde de Cooperación.
- Formación sobre próteses de membro superior impartida por fisioterapeutas.
- Formación sobre próteses de membro inferior impartida por fisioterapeutas.

Proxecto EnREDarte

En colaboración coa Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, inicia unha nova edición do programa EnREDarte, que consta de obradoiros de artes plásticas, escritura creativa, fotografía artística, teatro, música tradicional e danza.

14

obradoiros

119

persoas participantes das entidades de AMIZADE, ADAPTA, ASEARPO, AVANTE, MISELA, ADISBISMUR, ALGARIA e ASDIFICA, ademais dos centros de recursos de Medelo, Fingoi e Ferrol.

Comisión Sociosanitaria

A Comisión Sociosanitaria de COGAMI continúa a dar apoio en consultas individuais, representativas de problemáticas comúns, e tamén realizou o estudo e seguimento de propostas legislativas e organizativas da Administración, como foi o proxecto do decreto polo que se regulan as áreas sanitarias e distritos sanitarios do Sistema Público de Saúde de Galicia.

Continuamos participando no Consello Asesor de Pacientes a nivel autonómico e entramos a formar parte de todos os consellos asesores de cada EOXI, ademais de colaborar activamente no grupo de traballo creado pola Consellería de Sanidade na elaboración do Plan de Humanización.

Un dos obxectivos da área Sociosanitaria durante 2018 foi darse a coñecer, polo que difundiu unha campaña a través das redes sociais no Día Internacional da Saúde.

Alcance da campaña:

10.561

persoas en Facebook



Xuntanza da Comisión Sociosanitaria

QUE FACEMOS?

APOIO EN CENTROS

COGAMI ten 4 centros de recursos, con prazas públicas concertadas, que prestan apoios para cubrir as necesidades de persoas con discapacidade e familias.

CENTRO DE RECURSOS DE MONTEPORREIRO

Centro de día

Capacidade para **20** prazas

17 prazas ocupadas

Barro (1) Cangas (1) Moraña (2) Poio (1)
Pontevedra (11) Ribadumia (1)

CENTRO DE RECURSOS DE MEDELO

Centro de día e centro ocupacional

Capacidade para **50** prazas

27 prazas ocupadas

A Estrada (14) Cuntis (5) Forcarei (2) Silleda (3)
Vedra (1) Vila de Cruces (2)

CENTRO DE RECURSOS DE FINGOI

Centro de día

Capacidade para **60** prazas

26 prazas ocupadas

Lugo (17) O Incio (1) Outeiro de Rei (2) Rábade (1)
Sarria (3) Castro de Rei (1) Lán cara (1)

CENTRO DE RECURSOS DE MOS

Centro de día, centro ocupacional e vivenda tutelada

Capacidade para **61** prazas

43 prazas ocupadas

Mos (10) O Porriño (7) Redondela (2) Vigo (20)
Ponteareas (1) Nigrán (2) Salceda (1)



Visita do deputado provincial da Deputación de Pontevedra a Mos

Servizos que ofrecen os centros de recursos:

Formación básica
e
instrumental

Atención
personalizada
e familiar

Ofrecendo

información e asesoramento, intervención social e traballo coas familias.

Mantemento
e
rehabilitación

Programas de rehabilitación en fisioterapia, ximnasia preventiva e rehabilitadora, logopedia, terapia ocupacional, apoio psicolóxico e terapias alternativas.

Programas,
cursos e
obradoiros

Actividades lúdicas,
culturais e
deportivas

Obradoiros artesanais e formativos en **cestería**,
encadernación, coiro, pintura, informática e
novas tecnoloxías, danza, teatro...

Actividades de lecer, deportivas e culturais como
excursións, visitas a **exposicións**, cursos de
navegación a vela, deportes adaptados...



Atención
personalizada



Mantemento
e
rehabilitación



Obradoiros



Lecer



Transporte



Comedor



Participación do centro de recursos de Fingoi nunha obra de teatro a través do proxecto IMPROVabilidades

QUE FACEMOS?

FORMACIÓN

O programa de formación está adaptado ás necesidades e capacidades das persoas con discapacidade, tendo por finalidade a adquisición de competencias para capacitar o seu desenvolvemento profesional.

Cada vez que se imparte un curso, téñense en conta as necesidades da persoa e tamén as demandas do tecido empresarial da zona, tendo sempre como obxectivo final a inserción laboral de persoas con discapacidade.

Todas estas formacións foron financiadas pola Consellería de Economía, Emprego e Industria, a Consellería de Política Social, o Fondo Social Europeo, POISES, o concello de A Coruña, a Fundación ONCE, o Ministerio de Asuntos Sociais e Tempe-Grupo Inditex. Ademais, somos punto formativo Incorpora "la Caixa", en Lugo.

En 2018 rematamos

60

cursos formativos que contaron coa participación de

755

persoas, das que

323

realizaron prácticas en empresas.

Destas persoas formadas, o


43%

conseguiu inserirse laboralmente

CURSOS IMPARTIDOS

Nome do curso	Localidades
Operacións auxiliares de servizos administrativos e xerais	Ferrol (2), Santiago (2), A Coruña, Lugo
Operacións de gravación e tratamento de datos e documentos	Ferrol, Santiago, Cabana de Bergantiños, Lugo, Ourense
Instalación e mantemento de xardíns e zonas verdes	Lugo
Atención sociosanitaria a persoas dependentes en institucións sociais	Ferrol, Mos
Operacións auxiliares de servizos administrativos e xerais	Ourense e Pontevedra
Informática básica	Vilagarcía, Xove, Silleda, Monforte de Lemos
Operador/a de ordenadores	Verín
Persoal de limpeza	Ferrol, A Coruña, Santiago
Información e atención a cliente/persoa consumidora/usuario	Santiago
Xestión de almacén	Boiro, Santiago
Atención educativa de persoas adultas que presenten necesidades especiais no curso 2017/2018	Lugo, Vigo e Ourense
Auxiliar de servizos	Vigo
Limpeza viaria e recollida de residuos	Lugo
Carretilleira/o con coñecementos de mozo de almacén	Mos
Actividades auxiliares en viveiros, xardíns e centros de xardinería	Lugo (2)
Limpeza de inmobles	Santiago
Artes gráficas	Lugo

Taller de empoderamento da muller con discapacidade	Ferrol, Ourense
Auxiliar de transporte	Vigo, Santiago, Ferrol
Xestión de stocks e control de caixa	Lugo
Windows, Word, Excel e Internet	Xinzo de Limia e O Carballiño
Actividades administrativas na relación co cliente/a	A Coruña
Controlador de accesos	Vigo, A Coruña
Caixeira/o	Barbadás
Actividades de xestión administrativa	Bergondo
Taller de procesos creativos	Bergondo
Auxiliar de almacén	Ferrol
Dependenta/e auxiliar de tenda e paquetería	A Coruña



Curso AFD de operacións auxiliares e servizos administrativos impartido en Vigo

8 dos cursos impartidos en 2018 continúan durante o ano 2019



Operacións auxiliares de servizos administrativos e xerais

A Coruña, Santiago, Ferrol, Cabana de Bergantiños, Pontevedra, Vigo, Lugo

Actividades auxiliares en viveiros, xardíns e centros de xardinería


Lugo

QUE FACEMOS?

EMPREGO

O Servizo de Información, Orientación e Prospección de Emprego (SIL) é un dos principais referentes na especialización dos servizos de emprego. Concentra a maioría das accións dirixidas á busca de emprego.

É centro colaborador do Servizo Público de Emprego de Galicia, autorizada como Axencia de Colocación recoñecida co nº 1200000003, e conta cun equipo formado por 40 profesionais de orientación laboral e axentes de emprego que traballan nas 7 oficinas que ten COGAMI, atendendo as necesidades das zonas urbana e rural.



7

oficinas

A Coruña, Santiago, Ferrol, Lugo, Ourense, Pontevedra.



O Director Xeral de Orientación e Promoción Laboral visita o SIL

O SIL dirixese ás persoas con discapacidade, ás que lles proporciona as ferramentas necesarias para a busca activa de emprego, e tamén se dirixe ás empresas, ás que lles facilita persoas traballadoras cualificadas, asesoramento e apoio durante a incorporación laboral.

5.080

persoas orientadas

1.327

novas inscricións no servizo

20.517

persoas inscritas na base de datos



8.428



12.089



Programa POISES en Ferrol

610

empresas visitadas



2.218

persoas atoparon emprego



Sinatura de convenio co Concello de Ferrol para a inserción laboral

Perfil dominante



Programas de emprego

O SIL desenvolve programas de emprego que van destinados ás persoas que atopan máis dificultades na inserción.

En 2018 desenvolvemos estes:

Programa Vodafone

Para a inserción laboral de persoas con discapacidade en Galicia a través das TICs.

150

persoas participantes

101

insercións

= 67%

Programa Incorpora "la Caixa"

Para a inserción laboral de persoas en risco de exclusión, e formamos parte da rede Incorpora Galicia.

110

insercións

Programa + Empleo: "la Caixa" e FSE

Para o desenvolvemento de itinerarios integrados para a inserción sociolaboral de persoas en situación de risco ou exclusión social.

159

persoas participantes

72

insercións

O SIL participa en foros e xornadas empresariais para sensibilizar e dar a coñecer o servizo.

A Coruña

Participación nas mesas de traballo do Pacto Local polo Emprego do Concello

Xornada A Grela Responsable organizada pola Confederación de Empresarios de A Grela

Xornada Talento sen Teito organizado polo Concello

Foro CLECE-COGAMI-ACADAR organizada pola A. de Xoves Emprendedores (Lugo) e a Rede Veciñal contra os malos tratos (Vigo)

Xornada Contrata Talento organizada polo Concello

Ferrol

Xornada Networking organizada polo BNI Albatros

Traballo para a elaboración do Plan de Mellora Socioeconómica de Ferrolterra organizada pola Asoc. Empresarios Ferrolterra

Traballo para a elaboración do proxecto do Plan POEFE do Fondo Social Europeo organizada polo Centro de Emprego do Concello

Santiago

Itinerarios personalizados de intervención no CIFP Compostela

Fixéronse 2 charlas, unha en marzo e outra en decembro, a dous cursos diferentes do Ciclo de Técnico en Integración Social

A orientación laboral a persoas con discapacidade. Posgrao de Especialización en Orientación Laboral no CIXUG

Charla sobre Discapacidade, Intermediación Laboral e Economía Social no IES Pontepedriña

Participación na Feira de Emprego Talenta 2018

Lugo

As mulleres no mundo laboral, mesa redonda organizada polo BNG

Rompiendo barreras de las diferencias, seminario organizado polo Máster MBA Campus Terra Lugo

Feira Diversiarte, organizada polas Asociacións de Lugo

Ourense

I Xornadas sobre saídas profesionais e práctica profesional para Educación Social na Universidade de Vigo, participación na mesa redonda Animación sociolaboral e diversidade funcional

Intervención na Radio Galega para falar sobre barreiras arquitectónicas en Ourense

Pontevedra

III Encontro sobre diversidade, dependencia e igualdade de condicións organizada por 1º de ciclo medio do CIFP A Xunqueira

Almorzo co Grupo SIFU en Vigo

V Xornada de Emprego no concello de Ribadumia

Vigo

Participación cun stand informativo nas feiras de emprego Empregalia e Finde U

Asistencia a unha xornada de networking co grupo de empresas BNI e Grupo Sifu

QUE FACEMOS?

INFORMACIÓN E ASESORAMENTO

A área de **Traballo Social** ten como obxectivo promover o cambio social, solucionar problemas nas relacións humanas e fortalecelas para incrementar a autonomía e independencia das persoas con discapacidade e familias. Intervense nos puntos nos que as persoas con discapacidade e as súas familias interactúan coa súa contorna, acorde á misión, visión e valores de COGAMI.

Presente en todas as oficinas e entidades membro de COGAMI, este servizo dirixe un equipo interdisciplinar de profesionais con ampla experiencia para a resolución de consultas que, segundo a temática, en 2018 foron sobre:

Temática	Total de consultas
Certificado de discapacidade	537
Axudas económicas	313
Accesibilidade	234
Emprego	215
Sanidade	93
Outros	74
Produtos de apoio	66
COGAMI	58
Dependencia	57
Lecer	55
Asociacionismo	45
Vivenda	45
Formación	40
Centros	30
Educación	23
Axuda domiciliaria	18
Voluntariado	14
Asistencia persoal	14
Autoemprego	7
Centros especiais de emprego	6
Sexualidade	2
Total	1.946

Xestión de recursos

Ademais de apoiar a xestión de recursos que ofrece a Administración, realízase tamén acompañamento

e capacitación para proporcionar autonomía e aprendizaxe ás persoas que o precisen, tanto a través dos rexistros xerais como das novas tecnoloxías.

En 2018 realizáronse

400

xestións de recursos



Commemoración do Día Internacional e Europeo das Persoas con Discapacidade con Os Bolechas

Intervención social

Consiste na realización de intervencións profesionais encamiñadas a fomentar o empoderamento das persoas con discapacidade, a promoción da autonomía e independencia e a participación en igualdade de oportunidades.

Incídese na atención ás persoas con grande discapacidade, valorando, planificando e realizando unha avaliación personalizada das súas capacidades para deseñar itinerarios con apoios, para potenciar a súa autonomía promocionando as habilidades e competencias.

Trabállase coas persoas con discapacidade tanto a nivel individual como coas familias, en grupo nas aulas, cursos de formación a distancia, en obradoiros prelaborais e tamén na comunidade, coordinando e colaborando con entidades e profesionais.

583

proxectos de intervención

2.456

actuacións sendo estas visitas domiciliares, acompañamentos, entrevistas e seguimentos.

Intervencións dirixidas a:

Mulleres



Atendemos a mulleres con discapacidade coas que se procurou diminuír a existencia de discriminación continuada e prexuízos inxustificadas e invisibilizados que as privan da oportunidade de exercer os seus dereitos en igualdade de condicións.

Realizamos intervención social continuada para a prestación de apoio social e familiar, a mobilización de recursos públicos e privados, e tamén, recursos de apoio e acompañamento a vítimas de violencia (prestando atención, acompañamento e apoio personalizado adecuado ás características de cada muller).

433

persoas atendidas

266

mulleres

Menores



Realizamos intervención especializada dirixida cara á integración educativa obrigatoria e á defensa dos dereitos como autodeterminación, integración, normalización e formación inclusiva, dereito á cota de reserva de praza... de menores e familias con idades comprendidas entre 1 e 17 anos.

Leváronse a cabo intervencións con

11

menores e as súas familias

Centros de recursos



Realízase un traballo conxunto con profesionais dos servizos da comunidade. Reunións, seguimentos e coordinacións para a prestación de servizos e a realización de actividades. No programa de Apoio ao

Desenvolvemento Integral das persoas con discapacidade, lévase a cabo a apertura das historias sociais e a realización dos seguimentos anuais ás familias así como as intervencións e apoios que poidan necesitar.

Persoas con discapacidade



Realizamos proxectos dirixidos a persoas con discapacidade con características específicas, como:

Proxectos de inclusión socio-laboral

Orientados a persoas en idade laboral coas que se levan a cabo accións previas á súa inserción e inclusión socio-laboral a través de itinerarios personalizados.

133 persoas beneficiarias

VIVE LIBRE

Proxecto piloto creado por ATAM (Asociación Telefónica de Atención a Persoas con Discapacidade) no que colaboramos co fin de favorecer a autonomía persoal das persoas con necesidades especiais de apoio.

30 persoas beneficiarias

Proxecto SIMPATICO

Proxecto europeo no que colaboramos na mellora da experiencia e comunicación da cidadanía e empresas nas súas interaccións diarias coa Administración Pública.

102 persoas beneficiarias

Proxecto EMPODERAR-M


De adquisición de autonomía persoal e empoderamento, no que se traballou a mellora da imaxe persoal para gañar en autoestima e adquirir competencias que faciliten a entrevista de selección de persoal a nivel laboral.

42 persoas beneficiarias

QUE FACEMOS?

SENSIBILIZACIÓN E CONCIENCIACIÓN

Realizamos actuacións para sensibilizar e concienciar á poboación sobre a discapacidade:



Servizo DEDALEIRA

Ao longo do ano 2018, puxéronse en marcha accións do Servizo de atención e promoción da autonomía afectivo-sexual para persoas con discapacidade e parellas, familiares, persoas do seu ámbito social ou institucional.

Asesoramento individualizado, formacións grupais, acompañamento e atención a persoas que viviron situacións contra a liberdade e indemnidade sexual foron as accións levadas a cabo en 6 centros de educación especial públicos situados en Vilagarcía, Santiago de Compostela, Pontevedra, Vigo e Lugo, onde se impartiu formación ao alumnado e realizouse asesoramento e seguimento dos casos existentes.

64

formacións

378

persoas beneficiarias

Dirixida ao persoal do centro, realizouse formación para poder asesorar ás persoas usuarias e tamén asesoramento sobre actuacións en atención individualizada nos casos de abuso ou situacións contra a liberdade e indemnidade sexual.

40

formacións

125

persoas beneficiarias

Servizo de préstamo de produtos de apoio

Este servizo ten por finalidade facilitar o acceso e proba de produtos de apoio ás persoas con discapacidade que o precisen. Ante unha demanda de produtos, realízase unha valoración integral da situación da persoa a través dunha visita domiciliaria, coordinacións e seguimentos do préstamo.

En 2018 xestionáronse 55 préstamos de produtos de apoio do catálogo de COGAMI que conta con 95 produtos que están a disposición das persoas usuarias de COGAMI que os precisen, previa valoración técnica.

55

préstamos

95

produtos

UNIDADE QUERELAR

A súa actividade centrouse en accións postas en marcha para asesorar ao persoal profesional que traballa con colectivos con maiores probabilidades de experimentar situacións de violencia sexual, como menores baixo tutela ou garda, situacións con risco de exclusión social, discapacidade, etc.

Voluntariado

A Rede de Voluntariado de COGAMI nace a finais de 2001 para canalizar os proxectos de voluntariado que se desenvolven na organización, destacando:

- Acompañamento e apoio ás persoas con discapacidade dentro e fóra do domicilio, natación terapéutica, apoio educativo...
- Sensibilización e concienciación en temas de discapacidade.
- Formación básica e especializada en voluntariado e discapacidade, entre outras.

Durante 2018, comezaron a colaborar

106

persoas, conformando a nosa bolsa de voluntariado un total de

1.020

persoas, podendo afirmar que, como media, son

200


persoas voluntarias as que participaron en actividades que benefician a máis de

5.000

persoas



Voluntariado Europeo no Centro de Fingoi



QUE FACEMOS?

ACCESIBILIDADE

A área de **Accesibilidade** comezou a traballar en agosto de 2003 asesorando sobre axudas técnicas e lexislación de referencia. Dende xaneiro de 2004 desenvolve actividades propias de consultaría, asesorando, formando e elaborando plans de accesibilidade. Esta área ten como obxectivo humanizar espazos e servizos conforme a criterios de deseño universal.

Servizo de Asesoramento

A prestación do servizo de consultas a persoas, familias e entidades públicas e privadas mantén unha tendencia de crecemento afianzada no tempo. Durante 2018 atendéronse 160 consultas sobre accesibilidade e 67 de intervencións en accesibilidade.

A procedencia destas consultas correspóndese coa distribución demográfica da poboación, sendo as provincias de A Coruña e Pontevedra as principais demandantes do servizo. Cabe destacar a petición de información dende fóra de Galicia, referida principalmente ao turismo accesible.

	Consultas	Intervencións
A Coruña	54	18
Lugo	13	4
Ourense	20	10
Pontevedra	59	35
Fóra de Galicia	14	0
TOTAL	160	67

Proxectos desenvolvidos:

Participamos en diferentes proxectos da Administración Pública, entidades ou empresas, das que destacamos:

- 1)** Asesoramento aos concellos de Vigo e Pontevedra na execución de obras de urbanización.
- 2)** Asesoramento á Autoridade Portuaria de Vigo nas obras das oficinas centrais.
- 3)** Deseño do Plan Director de Accesibilidade no concello de Verín.
- 4)** Realización de proxectos de accesibilidade para os concellos de A Guarda e Porto do Son.
- 5)** Formación en accesibilidade para o persoal das tendas Uterqüe en Madrid e Barcelona.
- 6)** Asesoramento en accesibilidade de tenda Uterqüe na localidade madrileña de San Sebastián de los Reyes.
- 7)** Deseño e desenvolvemento do programa de Fomento da Accesibilidade na Deputación de A Coruña.
- 8)** Deseño do proxecto de accesibilidade cognitiva e sensorial a través de proxecto de sinalización para o concello de Barbadás.



Xornada de sensibilización Ponte no Meu Lugar con representantes parlamentarios e municipais de Santiago

Xornadas de Sensibilización

Realizamos sesións divulgativas denominadas **Ponte no meu lugar**, co alumnado do Colexio de Parada Campañó e da Universidade de Arquitectura e Urbanismo de Vilanova de Cerveira.

Realizáronse 5 xornadas de sensibilización para persoal da Deputación de A Coruña dentro do programa **Di Coruña Accesible**, co fin de sensibilizar ao seu persoal laboral da importancia da accesibilidade tanto no medio físico urbano como na edificación, información e comunicación, procesos de xestión e transporte. Estas xornadas deron paso a 5 xornadas formativas.

Formación e sensibilización en dúas xornadas para o programa **SAVI** en A Coruña.

Participamos nunha sesión sobre mobilidade e espazos cidadáns na que houbo tamén unha xornada de Ponte no meu lugar, na que participaron representantes dos partidos políticos parlamentarios.

Estivemos na **XI edición de A Pedaliña** que se celebrou no concello de Vigo, participando con persoas usuarias de cadeira de rodas e bicicleta de man e, cunha actividade de Ponte no meu lugar.



Presentación do proxecto Galicia Accesible en FITUR



Presentación do plan de mellora da accesibilidade do concello Pontevedra

QUE FACEMOS?

LECER E DEPORTE

O lecer e o deporte representan unha actividade moi saudable para completar o desenvolvemento físico e motor e para fomentar actitudes e condutas de compañeirismo, cooperación e espírito de superación.

COGAMI colabora con outras entidades para a organización de actividades e tamén capta actividades que son realizadas por outros organismos ou a propia Administración.

53

actividades

1.425

persoas

PROGRAMA LECER NÁUTICO

Desenvolvido en colaboración coa Fundación Mapfre e o Real Club Náutico de Sanxenxo, achégase o deporte da vela ás persoas con discapacidade.

É un programa de respiro que contempla un curso de iniciación á vela de 20 horas e un programa de vacacións con actividades flexibles de acordo ás necesidades de cada persoa.

168 persoas participantes



Programa de Lecer náutico en Sanxenxo



Proxecto Gavea

PROXECTO GAVEA

O proxecto Galicia Vela Adaptada nace en 2002 para favorecer a navegación a vela ás persoas con discapacidade na procura de visibilizalas. Durante o ano 2018, participaron 233 persoas nas saídas que realizou o veleiro Laion, que contempla unha tripulación formada por persoas voluntarias, nos meses de xuño, xullo e setembro por Ribadeo, A Coruña, Camariñas, Muros, Sada e Ares.

233 persoas participantes



Xornada multideportiva durante o Día do Voluntariado do Decathlon en Santiago

MÁIS QUE DEPORTE - DECATHLON


Desenvolvido dende 2017 coa colaboración da Fundación Decathlon, permite dispoñer de material deportivo nos centros e asociacións, co obxectivo de facer accesible o deporte ás persoas con discapacidade.

O proxecto ten unha duración de 3 anos, nel participan 12 centros e asociacións que reciben o apoio de profesionais voluntarios de Decathlon, e practican un día á semana deportes como ping-pong, bádminton, tenis, pilates, golf, baloncesto, fútbol e slalom.

En 2018 participaron 357 persoas das entidades: ACEM SANTIAGO, ADISBISMUR, AGORA, AMARAI, AMBAR, AVANTE, INTEGRO, MISELA e os centros de recursos de FINGOI, MEDELO, MONTEPORREIRO e MOS.

357 persoas participantes

Outras actividades nas que participamos:



Número de participantes por cada actividade física e deportiva programada.

A.
Escola de tenis Marineta

B.
Camiño Sen Límites

G.
Proxecto Común-arte

J.
Talleres de DJ's

M.
ENKI Galicia

B.
Baloncesto Obradoiro

E.
Multideporte Coruña

H.
Miniolempiada inclusiva

K.
Exposición GADIS

C.
Teatro CÍA Blanca Marsillach

F.
Día Fundación Decathlon

V Torneo Inclusivo Cidade A Coruña

L.
Bautismos de mergullo



Participación do centro de Fingoi na V Carreira Enki, en A Coruña



Actividade de tenis do proxecto Multideporte-Concello de A Coruña

QUE FACEMOS?

COMUNICACIÓN E RELACIÓNS INSTITUCIONAIS

Contacto cos medios de comunicación

Enviamos

80

notas e convocatorias de prensa a medios para informarles sobre as actividades que realizamos. Destas publicáronse o

97,5%

2.306

impactos en medios de comunicación



Publicación trimestral

Editamos **O BOLETÍN**, unha publicación trimestral que se envía por correo postal a persoal laboral, entidades membro, Administración Pública, entidades financeiras e colaboradoras, e voluntariado. Tamén se publica na web e envíase a subscritores por correo electrónico.

1.200

exemplares

Participación en campañas

Colaboramos en campañas conxuntas con outras entidades do Terceiro Sector como **#Mentiraspobreza** polo Día da erradicación da pobreza, **#XSolidaria** na declaración da renda, **#ARRESTOPOLIS** polo cambio da Lei de Propiedade Horizontal, tamén recolleemos sinaturas para rexeitar a proliferación de gasolineras sen persoal de atención e con **#Capacitarte**, en colaboración coas entidades de Cerme Galicia, expuxemos fotos que reflectían os 28 anos do camiño da inclusión en COGAMI.



Exposición de COGAMI na Xunta de Galicia no marco do ciclo Capacitarte

Presenza en Internet

Difundimos información sobre axudas, ofertas de emprego, actividades e programas dirixidos a persoas con discapacidade na nosa páxina web www.cogami.gal

68.048

visitas á web

Tamén temos presenza nas redes sociais **Facebook**, **Twitter** e **LinkedIn** e un blog no que difundimos historias persoais <http://cogami.blogspot.com>

18.633

persoas seguidoras en redes sociais



Campaña X Solidaria no Obradoiro



Sinatura de convenio coa Consellería de Política Social



Sinatura de convenio coa Fundación Amplifón



Acto de entrega das Medallas do Parlamento de Galicia

Traballamos en rede con outras entidades sociais

Fomentamos a participación e alianzas con outras entidades afíns a nós como son **CERMI Galicia**, **EAPN Galicia** e **COCEMFE**, das que formamos parte dos seus grupos de traballo.



Visita do presidente do CERMI Estatal, Luis Cayo

Relacións institucionais

COGAMI aposta por establecer relacións co tecido empresarial, coa Administración, fundacións e outras organizacións sociais para establecer vínculos e alianzas de colaboración.

36

convenios asinados:

15

públicos

21

privados

Participamos en foros

COGAMI asiste e participa en eventos, congresos, seminarios, foros e charlas, plataformas de difusión idóneas para dar a coñecer o traballo que desenvolvemos tanto a nivel galego como tamén nacional. Participamos en:

154

redes e foros




Xornada de Portas Abertas no Centro de Mos

CON QUE CONTAMOS?

INICIATIVAS DE ECONOMÍA SOCIAL

A Confederación Galega de Persoas con Discapacidade participa maioritariamente en Galega de Economía Social (GES) como socia fundadora da empresa matriz do grupo mercantil. GES está constituída por 9 centros especiais de emprego de iniciativa social e xestiona outros dous máis con capital de COGAMI (Combina Social S.L. e Activa Social S.L.).



Operamos en diversos sectores:



Traballador de Dixardín

O obxectivo de GES é a

promoción e creación de emprego para as persoas con discapacidade

Situación das iniciativas empresariais

O ano 2018 afectou de xeito diferente aos centros especiais de emprego e aos sectores nos que operan. Por unha banda, produciuse un avance na consolidación económica na maioría deles, cunha evolución positiva en cifra de negocio e de resultados esperados das principais magnitudes económicas; e por outra banda, dúas empresas sufriron os efectos negativos dos mercados nos que operan: unha delas, Artegalia, debido aos cambios legais das bolsas de plástico e a outra, Coregal, resentida pola evolución negativa dos prezos de venda do cartón fixados por operadores externos.

A evolución estivo marcada por unha baixada da cifra de negocio e a necesidade de mellorar a eficiencia dos procesos e o axuste das marxes para mellorar a competitividade, xunto con axustes nos custos de estrutura para dar finalmente cumprimento dos obxectivos de sostibilidade económica e inserción social.

Entendido como un proceso continuo na organización, prodúcense melloras no control de xestión e na busca da eficiencia e a mellora continua. Potenciouse a planificación e coordinación da actividade comercial como un dos piares de crecemento na busca de novos clientes, facendo fincapé no cumprimento das medidas de contratación do sector público e privado cos centros especiais de emprego, xunto cos procesos de profesionalización continua dos modelos de xestión comercial.

A consolidación e mantemento dos centros especiais de emprego ten como obxectivo a sostibilidade económica das empresas, tendo como base a xeración de emprego estable a través das empresas actuais e a oportunidade de novos proxectos empresariais como ferramentas para a integración laboral e social das persoas con discapacidade.



Visita do Delegado Territorial da Xunta en A Coruña a COREGAL, en Santiago

Evolución do emprego

Os 11 centros especiais de emprego que xestiona GES pecharon o ano con 738 persoas traballadoras, das que máis do 90% teñen discapacidade. A evolución do emprego caracterizouse pola necesidade de axustar ao persoal ás novas necesidades e crecementos detectados nos distintos mercados, sen perder de vista o afianzamento da viabilidade das distintas iniciativas, apostando deste xeito por estruturas de emprego sempre sólidas e profesionais.

Os

11

centros especiais de emprego que xestiona GES pecharon o ano con

738

persoas traballadoras, das que máis do

90%

teñen discapacidade

Evolución económica

En 2018 traballouse no desenvolvemento de procesos encamiñados á mellora da xestión, da produtividade, competitividade e do posicionamento continuo en novos mercados. Para mellorar os resultados actuais, Galega de Economía Social consolidou a implantación de:

Auditorías internas de procesos

Profesionalización dos servizos

Eficiencia nos procesos e na formación



Sinatura de convenio entre DIXARDÍN e o Concello de Laxe

Subvencións e axudas financeiras percibidas polas empresas

Xestionáronse subvencións ao custo salarial para o mantemento de centros especiais de emprego, así como ao desenvolvemento das funcións das/os profesionais das unidades de apoio, e para a eliminación de barreiras arquitectónicas, pola Consellería de Economía, Emprego e Industria.



Presentación do programa Di Coruña Accesible

Servizo de Promoción da Autonomía Persoal

Está centrado no asesoramento de cara á autoxestión por parte da persoa usuaria dos seus asistentes persoais. Este servizo conleva a intervención tanto coas persoas con discapacidade e en situación de grande dependencia e dependencia severa como coas súas familias.

O **Servizo de Asistencia Persoal** préstao **Meular Servizos Asistenciais S.L.U.**, empresa sen ánimo de lucro declarada de carácter social, participada ao 100% por COGAMI, e tamén se presta a través da empresa **Combina Social S.L.U.**, o que posibilita unha maior dispoñibilidade de horas de prestación.

Durante o ano 2018 o servizo de asistencia persoal contou con

89

persoas usuarias que foron atendidas por

276

asistentes persoais



COCEMFE visita COGAMI e os centros especiais de emprego



Sinatura de contrato entre COREGAL e o Concello de Boiro

Centros de día para persoas maiores (servizos de atención diúrna)

COGAMI conta cunha traxectoria de oito anos xestionando servizos de centros de día para persoas maiores, sendo estes de titularidade pública do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar e tamén de titularidade municipal.

Durante o ano 2018 xestionáronse

11

centros de día cun total de

380

prazas, das que

20

pertencen ao centro de Redondela que rematou actividade no mes de agosto

Centros de día xestionados por COGAMI

Coia en Vigo

Porto do Son

O Porriño

Rois

Tomiño

Valadares en Vigo

Mondariz

Baiona

A Pobra do Caramiñal

Vilagarcía

Estes centros son servizos xerontolóxicos socioterapéuticos e de apoio ás familias, que prestan durante o día atención terapéutica integral plural ás persoas maiores con dependencia ou en grave risco de padecela. O horario de atención habitual é de 8:00 a 20:00 horas de luns a venres.

357

persoas atendidas



Para atender ás persoas, o cadro de persoal estivo formado por

128

profesionais



Sinatura de convenio entre DIXARDÍN e o Concello de Arzúa

Enlazado con este servizo, xestionáronse diferentes proxectos de envellecemento activo e hábitos saudables de contratación municipal nas zonas de influencia destes servizos, concretamente nos concellos de Tomiño e Porto do Son.



Entrega de diplomas do curso de auxiliar de tenda e paquetería realizado por Tempe

ENTIDADES MEMBRO



AGADHEMO

A **Asociación Galega de Hemofilia** realizou en 2018 actividades e programas como a Hemoescuela: talleres de formación para pais e nais de nenas e nenos con hemofilia e/ou outras coagulopatías; o programa SaludItinere, co que as persoas afectadas reciben o tratamento en domicilio; o SAIP: servizo de atención e información permanente; o programa AtendHemos, que presta servizo en zona rural; o programa ApoiHemos de apoio psicolóxico e físico para persoas con hemofilia e outras coagulopatías conxénitas e o programa ApreHemos Xuntas, dirixido a mulleres

portadoras.

Agadhemo colabora activamente nas actividades que a Federación Nacional de Hemofilia desenvolve, organizando por terceiro ano as xornadas do Hemojuve de lecer náutico. Dende Agadhemo facilitamos ás familias a asistencia a diferentes campamentos que se dividen en Campamentos para pacientes con inhibidor, que vai dirixido a persoas con hemofilia, nenos ou adultos que presentan inhibidores; Campamentos para menores de 8 a 12 anos, dirixido a nenos con hemofilia e a nenas portadoras.



ACADAR

A **Asociación de Mulleres con Discapacidade de Galicia** executou en 2018 un total de 11 programas, entre os que destacan os relacionados co empoderamento da muller como Mergúllate, Empoderar para decidir e Emprego e saúde a través do empoderamento. Outros programas estiveron relacionados co emprego como os de habilidades de carácter prelaboral, o Servizo de inclusión e transición ao emprego para mulleres con discapacidade e o Programa Acceso ao Traballo Remunerado 2.0.

Co programa VIO 7: Ver para erradicar realizaron formacións en institutos, ciclos e facultades sobre xénero, discapacidade e violencia contra as mulleres con discapacidade. A través doutro proxecto Comunica a Conciencia creouse unha aplicación correctora de linguaxe inclusiva e non discriminatória. Outro programa desenvolvido durante o verán foi o de Lecer náutico en Sanxenxo. En total, 606 persoas participaron nos proxectos levados a cabo pola entidade.



CEGASAL

A Asociación Empresarial Galega de Centros Especiais de Emprego Sen **Ánimo de Lucro** durante 2018 deseñou, organizou e executou accións dirixidas a aspectos de interese para achegar a realidade dos centros especiais de emprego de iniciativa social, promover a contratación de persoas con discapacidade e potenciar a economía social, así como posicionar os distintos sectores na realidade económica de Galicia xunto co resto do empresariado.

Destacan as máis de cen reunións coas distintas Administracións para informar e buscar aliados no cumprimento da Nova Lei de Contratos do sector público; a II edición do Premio Cegasal de Periodismo á mellor Información de Economía Social, que contou con 250 asistentes.

Neste ano acordouse constituír o Foro pola Economía Social Galega para conseguir o seu desenvolvemento no que, ademais de Cegasal, están AEIGA, AESGAL, AGACA e ESPAZO COOP.



FEDERACIÓN CORUÑA

A **Federación de Asociacións de Persoas con Discapacidade da Provincia de A Coruña** durante 2018 continuou co traballo de coordinación e potenciación do movemento asociativo da provincia. Este ano entraron dúas novas entidades, Asotrame e Asem, co que arestora son 23 as entidades socias. En estreita colaboración coas áreas de FMA e Lecer de COGAMI, a Federación apoiou ás entidades con escasos recursos e prestou servizos

de Fisioterapia nas cidades de Ferrol e A Coruña dende xaneiro a decembro co financiamento da Xunta de Galicia. Realizou un programa de Recuperación, Rehabilitación e Mantemento das capacidades funcionais beneficiando a persoas de 17 concellos da provincia e que financiou a Deputación Provincial. Ademais, co fin de defender os intereses das entidades membro, a Federación levou a cabo un intenso labor interlocutor ante a Administración Pública.



ADISBISMUR

A **Asociación de Persoas con Discapacidade da Bisbarra de Muros** destaca durante 2018 a realización de obradoiros de alfabetización, informática, habilidades sociais, logopedia, terapia ocupacional, fisioterapia, ximnasia de mantemento, musicoterapia e bailoterapia, natación terapéutica, manualidades, lectura e audiovisuais, e dentro das actividades de lecer e tempo libre, ademais de saídas e excursións e o taller de teatro, participaron en xornadas deportivas de baloncesto, tenis

e fútbol. Dende esta entidade tamén ofreceron información e asesoramento ás persoas socias, organizaron visitas domiciliarias a persoas con discapacidade da comarca, desenvolveron a escola de familias, realizaron obradoiros de cestería e cerámica nos institutos da comarca e arredores, e teñen tres talleres artesanais en funcionamento sendo de cestería, cerámica e viveirismo.



ÍNTEGRO

A **Asociación de Persoas con Diversidade Funcional da Costa da Morte** dedicou 2018 a impulsar a formación e a inclusión laboral con cursos como o de Axudante de cociña, Acondicionamento de mobiliario urbano e xardíns e Auxiliar de almacén. Máis de 565 adolescentes aistiron ás charlas de prevención de lesión medular impartidas en IES de 9 concellos. Outras charlas foron no centro de maiores de Cabana de Bergantiños dirixidas á poboación de máis de 65 anos.

Íntegro beneficiou a 56 mulleres a través do programa PIMD RURAL que facilitou o empoderamento e reforzou o papel da muller no ámbito rural. Outras actividades destacadas realizadas a nivel lúdico foron o programa Máis que deporte, o de Lecer náutico en Sanxenxo, saídas ao cine, á discoteca, xornadas deportivas, visita á fábrica Bonilla de A Coruña, participación na xornada ecuestre, visita a centros comerciais, saídas ás praias, entre outras.



ÁMBAR

A Asociación ÁMBAR das Persoas con Diversidade Funcional da comarca do Barbanza durante 2018 comezou coa exposición 35 anos de vida e emoción nos 5 concellos nos que presta servizos. Remataron as obras do último módulo do centro de recursos e celebrou a IV Romaría e Carreira pola Diversidade, superando en número ás anteriores edicións. Ámbar pechou o ano co Calendario Solidario 2019 e a presentación da nova imaxe da entidade. Esta entidade promoveu a independencia, a autonomía persoal e

a igualdade de oportunidades a través de servizos como o de atención diúrna e vivenda con apoio, os programas de autoxestores e empoderamento da muller, o deporte inclusivo con actividades de vela para todas as persoas, boxeo ou running, a través das artes plásticas, escénicas e o grupo de teatro Artellar, realizou itinerarios de Inserción laboral, promoción da accesibilidade universal na comarca da Barbanza e actividades de achegamento da discapacidade a diferentes axentes da nosa comunidade.



AMARAI

A Asociación de Persoas con Discapacidade de Arzúa e Terra de Melide destaca en 2018 a posta en marcha dun convenio de voluntariado co concello de Boimorto, promovendo que as persoas con discapacidade teñan o seu primeiro contacto co mundo laboral prestando axuda na residencia de maiores de Boimorto en servizos de estimulación cognitiva, comedor, así como en tarefas de limpeza. Tamén puxo en funcionamento un obradoiro de cociña, para potenciar as habilidades instrumentais da vida

diaria, necesarias para unha vida independente. En canto á mellora de equipamentos e infraestruturas no centro de recursos incorporou á frota de transporte 2 novas furgonetas, mesas regulables en altura para favorecer o traballo e, para ter maior acceso ás novas tecnoloxías, adquiriron ordenadores táctiles e tablets. Amarai tamén instalou no exterior das instalacións toldos e bancos para poder gozar do tempo de lecer e espaxamento.



AVANTE

A Asociación de Persoas con Discapacidade do Val do Dubra durante o ano 2018 mantivo os seus servizos apostando pola consolidación das actividades dirixidas ao fomento integral das capacidades e habilidades de cada unha das súas persoas usuarias. Todas as actividades que desenvolve esta entidade teñen como obxectivo favorecer a autonomía das persoas usuarias de xeito que se camiñe cara ao seu empoderamento.

Ademais, esta entidade continuou durante este ano co programa de estancias temporais na vivenda tutelada para a práctica da vida independente, que xa se iniciara no ano 2016.



ANDADE

A Delegación en Galicia da Asociación Nacional de Amputados de España ten como fin primordial apoiar, informar, asesorar, axudar e guiar a toda persoa que teña pasado por un proceso de amputación, así como a súa familia, facilitando e favorecendo a súa plena integración, en todo os ámbitos da sociedade.

Durante o ano 2018 mantivo xuntanzas coas persoas asociadas á entidade no espazo que teñen cedido na Cabeas en Santiago de Compostela. En Vigo, Andade realizou unha charla de portas abertas para as persoas amputadas da

cidade.

A entidade continuou co programa de Rehabilitación de Autonomía Persoal do Amputado nas clínicas de rehabilitación da A Coruña, Lugo, Vigo e Santiago, un programa que financia a Fundación ONCE a través de COCEMFE. Outro programa que continuou foi o de rehabilitación funcional deportiva para o amputado, no centro Wellness Absolute de A Estrada.

É membro activo da Comisión Sociosanitaria de COGAMI, co que asistiu ás xuntanzas que se organizaron durante o ano.



LIREGA

A Liga Reumatolóxica Galega durante o ano 2018 presentou a III edición dos premios Liga Con Nós, onde premiaron a entidades como COFC, A concellería de Xustiza Social, os grupos de investigación de Reumatoloxía de A Coruña e Santiago, as Fundacións Barrié e María Xosé Jove e aos Laboratorios AbbVie, entre outros. Estes premios, que foron entregados no pazo Mariñán de A Coruña, contaron coa presenza do Vicepresidente da Xunta, a Deputada Provincial de Servizos Sociais da Deputación de A Coruña e a

Alcaldesa do concello de Bergondo.

Outra das actividades desenvolvidas pola entidade que contaron con grande repercusión e impacto, foi a campaña Hazte Visible, na que se implicaron as xerencias dos hospitais de Galicia, e consistiu na solta de farois voadores, ademais da lectura dun manifesto de doentes con enfermidades reumáticas coincidindo co Mes das ERMES.

Outra campaña foi a plantación de árbores e plantas baixo o lema de Plántalle cara á dor, para visibilizar a dor en Galicia.



AMICO

A Asociación de Persoas con Discapacidade de Compostela e Comarca durante o ano 2018 seguiu a realizar actuacións integradas no Servizo de rehabilitación VIII, cofinanciado pola Deputación de A Coruña e na que se incluíu o acceso a descontos en sesións individuais de fisioterapia e terapia ocupacional, sesións grupais de ximnasia adaptada e sesións grupais de actividades acuáticas terapéuticas adaptadas.

Un dos obxectivos da entidade é incrementar a participación social e

pública de persoas con discapacidade xunto con actividades dirixidas a alcanzar un maior grao da súa autonomía, así como fomentar a colaboración cidadá coa misión, polo que se reforzaron lazos cos concellos de Teo e Ames e participou nos debates sobre mobilidade co estudiantado de Xornalismo.

Este ano, Amico seguiu estando presente na Comisión Sociosanitaria de COGAMI, participou en programas de lecer e en actividades do proxecto COMUN-ARTE.



MISELA

A Asociación de Persoas con Discapacidade das Comarcas de Noia e Muros durante o ano 2018 festexou os seus 25 anos de nacemento, unha traxectoria durante a que foron atendidas 235 persoas.

Os servizos básicos cos que conta a entidade son o Equipo de Desenvolvemento Infantil e Atención Temperá, dirixido a nenos/os de entre 0 a 16 anos con discapacidade ou en risco de padecela e as súas familias. Este servizo durante o 2018 contou cun total de 42 persoas usuarias.

Outro dos servizos cos que conta a entidade é o Centro de Día e Ocupacional para persoas con discapacidade intelectual, con 30 prazas dispoñibles e atendendo durante o ano 2018 a 19 persoas. Por último, no Servizo de Promoción da Autonomía Persoal, que ofrece atención a persoas con discapacidade física, intelectual ou mixta maiores de 16 anos, contou con 3 persoas usuarias.



ACEM SANTIAGO

A Asociación Compostelá de Esclerose Múltiple durante 2018 realizou un programa de rehabilitación integral que comprendeu servizos de traballo social, psicoloxía, fisioterapia, logopedia, pilates, golf adaptado e un obradoiro de pintura para favorecer a participación das persoas asociadas á entidade. A entidade tamén festexou o Entroido e San Xoán e participou en eventos a favor da entidade como a IV Carreira e Andaina Solidaria pola EM, a gala solidaria pola EM, a carreira de San Silvestre Escolar en O Grove, a 4ª

edición do Día do Deporte Solidario a favor da EM. Outros eventos nos que participou foron a presentación da novela “La leyenda de...”, a conferencia impartida por D. José María Prieto González en relación á esclerose múltiple e aos fármacos que están a ser utilizados actualmente, a *gymkana* por equipos con diferentes probas cognitivas-motoras na que colaboraron persoas voluntarias de Caixa Bank “Social Week” e do Día Nacional da Esclerose Múltiple colocaron mesas informativas pola cidade.



ACEM CORUÑA

A Asociación Coruñesa de Esclerose Múltiple en abril de 2018 celebrou un concerto solidario co grupo Prime Ministers a favor da entidade no local Playa Club da cidade herculina. No mes de maio repetiron asistencia á Feira das Flores que se celebra en Vilarmaior, onde colocou un posto con manualidades á venda realizadas na entidade. Con este xa son tres os anos que realizan a Barbería Solidaria, acto que organiza o concello de A Coruña en

colaboración co barbeiro José Segundo Mallo. Nesta edición participaron 60 profesionais da barbería e o grupo de moteiros e moteiras “Solidaridad sobre ruedas KM-0”. No mes de setembro celebrou o II Torneo de Pádel Solidario en Coruña Sport Centre no que participaron 280 persoas. Acem Coruña rematou o ano coa celebración do XXIV Día Nacional da EM, onde participou en varias mesas informativas repartidas pola cidade.



ASPANEMI

A Asociación de Pais de Nenos con Minusvalía de Narón durante 2018 dedicou tempo a desenvolver programas como o de apoio familiar que comprende apoio á familia, psicomotricidade, terapia individual de pais e escola de nais e pais que é grupal e nel intercámbiase información para resolver problemas e desenvolver habilidades persoais. Tamén dedicou tempo á divulgación da entidade e realizou obradoiros informativos como afectivos sexuais, de dependencia, de seguridade en Internet,

de prevención e detección de acoso escolar. A oferta de lecer e tempo libre acolleu actividades de esquí adaptado, acuaterapia, Paratrike, convivencias, excursións e a asistencia a festas tradicionais. Dentro de actividades rehabilitadoras desenvolveron hipoterapia e fisioterapia, ademais traballaron o voluntariado social e a cooperación organizando campañas para recoller fondos para causas alleas.



GRUPO DIVERSIDADE FERROL

A Asociación Grupo Diversidade Funcional Ferrol e Comarca durante 2018 contou durante 9 meses cunha persoa contratada a través do programa de Cooperación e Emprego da Xunta o que lle permitiu desenvolver mellor as actividades realizadas durante o ano. Tamén desenvolveron un plan integral de accesibilidade co fin de acadar un óptimo grao de accesibilidade nos concellos de Ferrol e limítrofes. Por iso, redactaron informes integrais e seguimento das xestións administrativas necesarias para a supresión de barreiras

arquitectónicas e urbanísticas implicando ao maior número posible de concellos, institucións e entidades locais.

Os servizos de fisioterapia e transporte adaptado estiveron desenvolvéndose durante todo o ano 2018 ao igual que desenvolveu diferentes obradoiros como foron os de: informática, Word, Excel, Powerpoint, redes sociais e busca de emprego, nutrición, motivación e resolución de conflitos, hixiene postural, reciclaxe creativo, comunicación e diálogo, igualdade e diversidade sexual.



A XANELA

A Asociación de Discapacitados Activos de As Pontes durante 2018 realizou actividades terapéuticas como un taller de adestramento e mantemento funcional e outros de estimulación cognitiva, sensorial e habilidades manipulativas, psicomotricidade e mantemento físico. Ademais realizaron terapia ocupacional no domicilio, asesoramento en produtos de apoio,

musicoterapia, risoterapia e organizou actividades de lecer e esparexemento. Outros obradoiros impartidos por A Xanela foron os de memoria, encaixe de bolillos, pilates, hidroterapia, gancho, lanaterapia e ademais participaron en diferentes actividades de lecer co fin de fomentar as relacións de compañeirismo, traballando e cultivando os valores que a convivencia do grupo precisa.



ASPAMITE

A Asociación de Pais de Persoas con Discapacidade de Teo durante o ano 2018 desenvolveu actividades deportivas e de rehabilitación a través da educación física e psicomotricidade, pilates adaptado, natación, fisioterapia, logopedia, terapia ocupacional, escolas deportivas e de natación, actividades da autonomía persoal como o manexo euro, habilidades no fogar, o manexo do transporte, utilización de recursos da comunidade, aplicación de novas tecnoloxías á vida diaria, a capacitación de hábitos de aseo, vestimenta, alimentación e autocoidado en xeral. Aspamite ten operativos obradoiros

prelaborais de cestería, confección de alfombras, ensartado, xardinería, cocíña, educación laboral e encadernación e tamén realizaron actividades de lecer coa celebración de festividades como o Entroido e o Samaín, ademais de musicoterapia, xornadas de meditación musical, concurso de relatos cortos, danza e expresión corporal, viaxaron en tren a Redondela, traballaron a igualdade entre homes e mulleres, participaron nun bradoiro de escritura expresiva, en actividades contra a violencia de xénero, foron ao cine, practicaron Break Dance e DJ Inclusivo.



ALCER CORUÑA

A Asociación para a Loita Contra as Enfermidades do Ril da Coruña durante 2018 tivo como obxectivo a mellora da calidade de vida das persoas con enfermidade renal crónica a través do seu acompañamento e asesoramento e ás súas familias, ademais da promoción da doazón de órganos. O traballo interdisciplinar para acompañar no impacto que a enfermidade renal crónica ten sobre o proxecto vital, desenvolveuse entre traballo social, terapia ocupacional, de xeito innovador dotou a unidades de hemodiálise de ferramentas para as

actividades da vida diaria e a área de atención psicolóxica estivo a rematar o estudo do impacto psicolóxico da enfermidade renal crónica. Tamén formaron a voluntariado e realizaron cursos de nutrición.

A través de Alcer Coruña promoveuse a doazón de órganos como o acto máis solidario en actividades de difusión no Día Mundial do Ril, o Día do Doante de Órganos e obradoiros sobre a importancia de dar vida en centros de ensino, espazos comunitarios e campañas de sensibilización social.



APROM

A **Asociación Prominusválidos de Cariño** durante o ano 2018 fixo uso en 27 ocasións do vehículo adaptado que ten para desprazamentos de citas médicas e saídas de lecer de persoas usuarias da entidade, como foi a asistencia a unha obra de teatro da compañía de Blanca Marsillach. Como cada ano, celebraron un xantar de confraternidade para persoas socias da entidade ao que acudiron 40 asistentes e esgotaron as entradas para asistir ao festival celebrado no Auditorio

Municipal, onde tocaron agrupacións culturais do concello. Outras actividades de lecer foron unha excursión a Oviedo con parada en Ribadeo, unha visita ao parque acuático de Cerceda e unha saída á cidade de Ourense. En novembro iniciaron un obradoiro de tapizado en tear no que hai apuntadas 10 persoas.



GRUMICO

O **Grupo de Persoas con Discapacidade Física de A Coruña** durante 2018 prestou servizos de orientación, asesoramento e apoio a persoas asociadas e familiares, ademais de manter a mellora na autonomía persoal, fomentar a participación social, a formación e o tempo de lecer e seguir coa loita para lograr lugares accesibles. Algúns dos servizos prestados foron fisioterapia, terapia ocupacional, transporte adaptado dirixido ás persoas que teñen dificultades para o uso do transporte público, atención social

directa, apoio psicolóxico, gabinete de accesibilidade, sensibilización, formación, voluntariado, escola de xoiaría e obradoiros de pintura, artesanía e cestería. Grumico participou tamén en actividades de sensibilización como Ponte no meu lugar, musicoterapia, Diversiarte, campaña Arrestopolis, Proxecto Enki e a campaña Baixo o mesmo paraugas organizada o 3 de decembro.



ASOTRAME

A **Asociación Galega de Transplantados de Medula Ósea** durante o ano 2018 desenvolveu actividades e proxectos como a IV Carreira Solidaria que contou con máis de 1.000 participantes. Realizou charlas de sensibilización en centros educativos da comarca de Ferrol, A Coruña e Compostela ás que asistiron máis de 1.000 escolares. Continuou co proxecto de Atención Psicosocial que atendeu a máis de 70 persoas e tamén co proxecto Como

en casa, que conta cunha vivenda de estadia temporal preto do CHUAC de A Coruña que foi utilizada por 10 familias ao longo do ano. Ademais, continuou a actividade de Oncoioga, onde un grupo de 10 participantes que sufriron algún tipo de cancro realizaron ioga adaptado. Para dar a coñecer a súa actividade, Asotrume editou por quinto ano consecutivo a revista Vivir es increíble cunha tirada que supera os 1.000 exemplares.



FEDERACI3N LUGO

A **Federaci3n de Asociaci3n de Persoas con Discapacidade de Lugo** atendeu durante o ano 2018 un total de 118 consultas a trav3s do Servizo de Informaci3n, Orientaci3n e Asesoramento. Realizou 7 charlas de informaci3n e sensibilizaci3n nas que participaron 176 persoas, sendo destas 83 mulleres e 93 homes. Realizou actividades formativas en colaboraci3n con COGAMI. A trav3s do Servizo de Intervenci3n Social atendeu a 52 persoas con discapacidade e familias. Continuou co taller prelaboral

de Monterroso no que participaron 13 persoas usuarias. Na 3rea de Autonom3a Persoal, a Federaci3n COGAMI Lugo atendeu a 58 persoas a trav3s do Servizo Especializado de Terapia Ocupacional e tam3n apoiou as actividades de COGAMI a trav3s dunha persoa cuidadora para facilitar a autonom3a persoal das persoas usuarias do centro de d3a.



A MARI3A COGAMI

A **Asociaci3n de Persoas con Discapacidade da Mari3a Lucense** durante 2018 desenvolveu un programa de Sa3de con actividades de fisioterapia e atenci3n domiciliaria, terapia Reiki, masaxe Shiatsu, reflexolox3a podal, terapia ocupacional, logopedia e terapia psicol3xica grupal. Outras actividades desenvolvidas son o programa de Desenvolvemento Integral para Persoas con Discapacidade subvencionado por Fundaci3n Once e 0,7% IRPF, a impartici3n dun curso AFD,

a organizaci3n dun taller sobre t3cnicas de busca de emprego, a participaci3n no proxecto Mov3monos da Deputaci3n de Lugo e tam3n a organizaci3n de talleres sobre alimentaci3n saudable e equilibrada, conciencia postural e coidado das costas.

Entre as actividades de lecer destacan a participaci3n nun obradoiro de consumo responsable e alimentaci3n saudable de GADIS e a Fundaci3n SEEDO e a organizaci3n dun xantar de convivencia entre persoas socias e familias.



AGORA

A **Asociaci3n de Persoas con Discapacidade da comarca de Lemos** en 2018 xestionou un centro de d3a con 21 prazas incrementadas a 23 e dous apartamentos tutelados con 7 prazas que ofertan servizos de fisioterapia, logopedia, terapia ocupacional, psicolox3a, ximnasia de mantemento, intervenci3n social e familiar, transporte adaptado e comedor. O lecer estivo moi presente, participando en festas populares de Monforte, visitas a lugares de interese como o Miradoiro do Duque en Monforte, Galletas Daveiga en Chantada, o Pazo de Tor, Museo Provincial de Lugo e Portomar3n.

No mes de xullo desenvolveuse o programa de Respiro Familiar que este ano durou 6 d3as no Mosteiro de Poio, facendo visitas a Campo Lameiro, Illa da Toxa e o Acuario de Vilanova de Cerveira.

Este ano tiveron continuidade os proxectos de Actividade F3sico-Deportiva +Que Deporte, o programa Ben Empregado III da Deputaci3n de Lugo, ademais contou cunha monitora f3sico-deportiva e outra de actividades art3stico-manuais que realizaron talleres de ioga, ximnasia de mantemento, xogos de coordinaci3n, costura e elaboraci3n de manualidades.



ALCER LUGO

A **Asociaci3n para a loita de enfermidades renais de Lugo** durante o ano 2018 fixo moito traballo de sensibilizaci3n a trav3s de charlas en concellos e institutos e a colocaci3n de mesas informativas como foi nas Xornadas de Discapacidade que organizou o concello lucense. Tam3n tivo participaci3n activa na cidade durante a celebraci3n do D3a Mundial do Ril o 8 de marzo, o D3a do Doante o 6 de xu3o e organizou as XII Xornadas

Renais na cidade. Outras actividades levadas a cabo por Alcer Lugo foron os obradoiros de coci3a, emoci3ns, de iniciaci3n ao Smartphone, de traballos manuais e de ximnasia. En colaboraci3n coa Universidade de Santiago de Compostela, realizou asesoramento nutricional e psicol3xico e ademais conta cunha biblioteca para persoas asociadas e usuarias.



FEDERACIÓN DISCAFIS COGAMI

A Federación de Asociacións de Persoas con Discapacidade de Ourense continuou durante 2018 prestando servizos de logopedia, educación social, traballo social e transporte adaptado atendendo ao longo do ano a 105 persoas.

Un total de 24 persoas beneficiáronse do servizo de préstamo de guindastres eléctricas e impartiu charlas de sensibilización a escolares de infantil, primaria e ESO.

No programa de xestión económica de entidades levou a contabilidade de

tres entidades membro e participou en actividades de lecer náutico organizadas por COGAMI e realizou saídas a Tui e Castrelo de Miño.

Discafis COGAMI forma parte da mesa de servizos sociais do Concello de Ourense e participou na concentración organizada dende Cocemfe contra as barreiras "Arrestópolis" así como a celebración polo Día Internacional da Discapacidade.



AIXIÑA

A Asociación de Discapacidade Física, Parálise Cerebral, Dano Cerebral Adquirido e Terceira Idade Dependente mantivo durante o ano 2018 todos os seus servizos, sendo estes: información e asesoramento, rehabilitación mediante fisioterapia, logopedia, terapia ocupacional e musicoterapia, transporte adaptado para persoas con mobilidade reducida e o programa de lecer e tempo libre.

O centro de día para maiores dependentes Alborexo e o centro de día especializado en parálise cerebral

ou dano cerebral mantiveron completa a súa ocupación e a residencia Domingo Gómez Freire, para persoas con discapacidade dependentes, incrementou o seu número de prazas autorizadas e ocupadas.

Aixiña mellorou o seu equipamento terapéutico con novas tecnoloxías e a instalación dun rocódromo.

O centro especial de emprego que ten medrou ata acadar as 106 persoas traballadoras, das que o 79% teñen discapacidade e mantivo as súas actividades laborais.



AFFOU

A Asociación de Fibromialxia, Síndrome de Fatiga Crónica e Sensibilidade Química Múltiple de Ourense destaca, de entre todas as actividades desenvolvidas en 2018, o grupo de axuda mutua (GAM) encabezado por unha psicóloga que se reúne con persoas asociadas.

Tamén participou en xuntanzas como a comida benéfica polo Día Mundial da Fibromialxia e a comida de Nadal, a charla-coloquio sobre Mitos e realidades sobre a fibromialxia, o Mercadillo do

Libro Vello de Allariz, estivo no Salón Internacional de Persoas Maires Galisenior, montou unha carpa informativa en Ourense durante o Día Mundial da Fibromialxia, organizou a XI Andaina solidaria de Coles a favor da entidade, participou na xornada Cata a Arte, asistiu ao XX Congreso Estatal de Voluntariado e realizou unha campaña de difusión e sensibilización da Fibromialxia durante o Día do Voluntariado.



AODEM

A Asociación Ourenzá de Esclerose Múltiple, ELA, Párkinson e outras Enfermidades Neurodexenerativas organizou diversos actos solidarios a favor da entidade como foron unha gala benéfica realizada en xaneiro, participou na I Carreira Inclusiva para Persoas con Discapacidade durante a celebración da carreira popular de San Martiño, na que se xuntaron familiares, voluntariado e persoas usuarias da entidade. Tamén en 2018 desenvolveu 4 andainas solidarias nos concellos de Cenlle, Bande, A Merca e coa asociación de veciños A Nosa

Aldea de Barbadás. Outras actividades participativas foron as de lecer como unha excursión á lonxa da Vigo, unha visita á cidade de Lugo, unha saída á praia da Lanzada e a organización dun magosto. AODEM participou no II Foro de Esclerose Múltiple organizado en Santiago por FEGADEM e estivo presente no XX Congreso Estatal de Voluntariado que tivo lugar en Expourense durante o 28 e 29 de novembro.



ACCU OURENSE

A Asociación de persoas enfermas de Crohn e Colite Ulcerosa de Ourense prestou en 2018 o Servizo de Atención Integral, Promoción da Autonomía Persoal e Inclusión Social das persoas con enfermidades inflamatorias intestinais (EII) para contribuír ao incremento da autonomía e o mantemento da vida independente das persoas participantes. Este servizo estivo enmarcado dentro do Programa de Atención á Dependencia e Autonomía Persoal financiado por COGAMI e a

Xunta de Galicia. Outros proxectos desenvolvidos durante este ano foron o de baños adaptados para persoas ostomizadas, intervención social, tarxeta aparcadoiro para persoas con EII, protocolos de actuación en centros educativos para alumnado con EII, organización das V Xornadas ACCU Ourense, a campaña de sensibilización, visibilización e concienciación, participación en feiras e eventos sociosanitarios, integración sociolaboral e apoio en domicilio e hospitalizacións.



DISVALIA

A Asociación de Persoas con Discapacidade da comarca de Valdeorras en 2018 asistiron a unha sesión no Parlamento de Galicia e foron recibidos polos conselleiros de Economía, Emprego e Industria, Política Social e polo presidente do Parlamento. Entre as actividades realizadas destacan o servizo de Información, asesoramento e sensibilización, a organización de actividades que fomentan a participación, así como impartiu cursos de cociña, de inglés e iniciou un

obradoiro de manualidades. Disvalia participou tamén en festas como o Entroido, realizou unha alfombra floral en Os Maios, un ano máis organizou un Magosto para persoas asociadas, navegou no veleiro Laion do proxecto Gavea (Galicia Vela Adaptada) e viaxou en tren para visitar Ponferrada.



ALCER OURENSE

A Asociación para a Loita contra as Enfermidades Renais de Ourense ten como programa máis relevante o de Atención Social, que ofrece apoio social a familiares e pacientes en diálise. Durante 2018 realizou un estudo sobre a situación do transporte sanitario a persoas en diálise na provincia de Ourense, asinou un convenio cunha nutricionista, ofreceu charlas sobre a entidade para alumnado de diferentes titulacións e impartiu charlas de prevención e doazón de órganos noutras entidades de iniciativa social.

En relación coa prevención, realizou medicións preventivas da IRC no Día Mundial do Ril e celebrou o Día do Cancro Renal. Para fomentar a doazón de órganos, durante o Día do Doador Alcer Ourense realizou divulgación nunha carpa, presentou unha novela con esta temática, organizou unha campaña en eventos deportivos e contou todo o ano cun stand no recinto feiral de Expourense.



AGAL

A **Asociación Galega de Lupus de Ourense** durante 2018 realiza o programa de Acolida como principal actividade e como fin da entidade, a través do que informa e asesora ás persoas que teñen Lupus e familias. Tras esta primeira fase, e segundo as necesidades, derivan ás persoas aos servizos que precisan, co fin de mellorarlles a calidade de vida. No mes de maio, o teatro Colón de A Coruña acolleu a celebración do XVII Congreso Nacional de Lupus, un acto que saíu publicado na revista que edita a entidade, Papilio, que vai xa polo

número 73. Foi tamén no mes de maio cando AGAL celebrou o Día Mundial do Lupus, data que aproveitaron para informar sobre o Lupus mediante a colocación de mesas en diferentes localidades e iluminando monumentos e edificios emblemáticos en cor morada. Co fin de recadar fondos, organizou a 2ª andaina en Ribeira e en Boiro un 2º xantar benéfico, que contou cunha masiva participación e repercusión nas redes sociais e medios de comunicación, acadando máis visibilidade para o Lupus e a Asociación.



ALGARIA

A **Asociación de Persoas con Discapacidade da Comarca da Limia** durante 2018 enmarcou as actividades desenvolvidas en dous planos diferentes: a atención ás persoas usuarias e socias e a proxección na sociedade. Para isto, realizaron durante o primeiro semestre do ano un curso de pintura enmarcado no programa EnREDarte, mentres que no segundo semestre, fixeron actividades de lecer como visitas a outras zonas como Allariz, Vigo e

Baiona. Outras actividades desenvolvidas en Alcaria foron fisioterapia e sensibilización en colexios e institutos durante o Día Mundial da Discapacidade, actividades que contaron co apoio da Federación Discafis COGAMI.



ASDIFICA

A **Asociación de Discapitados Físicos de O Carballiño** durante 2018 informou ás súas persoas asociadas sobre os recursos que poden ser de interese e traballou tamén coas diferentes Administracións Públicas co fin de implicala no traballo do grupo social que representa. Prestou grande importancia tamén á realización de actividades de ximnasia de mantemento e de habilidades sociais para as que contou co apoio da Federación Discafis COGAMI.

Tamén desenvolveron fisioterapia, para mellorar a autonomía persoal, participaron en actividades de sensibilización como foi a campaña #Arrestópolis de eliminación de barreiras nas comunidades de veciños, participaron no proxecto EnREDarte a través dun obradoiro de pintura e tamén no programa de Empoderamento e Activación para o emprego de mulleres con discapacidade física e orgánica do rural impartido por ACADAR e COCEMFE.



PUZZLE

A Asociación Asociación Puzzle para a Loita contra a Exclusión Social e Laboral das Persoas con Discapacidade de Allariz durante 2018 desenvolveu obradoiros de habilidades sociais, actividades manuais, de novas tecnoloxías e participou activamente nun programa de radio.

Outras actividades que desenvolveu esta entidade foron as de ximnasia de mantemento, actividades de lecer e espaxamento entre as persoas usuarias e, durante o Día da Discapacidade realizou diferentes actividades de sensibilización.



FEDERACIÓN PONTEVEDRA

A Federación de Asociacións de Persoas con Discapacidade da provincia de Pontevedra durante 2018 desenvolveu actividades como a de Risoterapia a través do programa Conectadas da Deputación de Pontevedra no que participaron 15 persoas. O concello de Vigo financiou un programa de Fisioterapia aplicada á psicomotricidade que beneficiou a 32 persoas e coa aportación de ENCE, puideron pedalear en bicicletas adaptadas e navegar pola ría en embarcacións tamén adaptadas. Outras accións realizadas foron a través

do programa de Atención integral a persoas con discapacidade no que se fixo sensibilización, actividades de lecer, rehabilitadoras e terapéuticas. Un total de 34 persoas beneficiáronse do servizo de fisioterapia e 11 persoas en Ponteareas acudiron ao servizo de logopedia. Outros servizos prestados foron o de atención e apoio a persoas con discapacidade que atendeu a 165 persoas da provincia de Pontevedra e, a través do servizo de traballo social, prestouse apoio a 23 persoas e 16 entidades.



AMIZADE

A Asociación de Persoas con Discapacidade da Comarca de Pontevedra, prestou servizos de información e asesoramento, de préstamo de axudas técnicas (AMISERPRE), de fisioterapia, hidroterapia, logopedia e apoio psicolóxico. Entre os obradoiros realizados neste ano destacan o de lecer inclusivo, un de música e outro de fotografía. A práctica de actividades deportivas foron as grandes protagonistas, tras

organizar partidos de Pádel, Tenis de Mesa, Taekwondo, Ximnasia e a III Xornada Multideportiva. Outras actividades de lecer foron as saídas para coñecer Ribeira e O Grove, ademais de participar nunha xornada de pesca e de paseos en barco polo río Lérez. Por último, Amizade dedicou o ano a sensibilizar social e politicamente sobre a discapacidade.



ADAPTA

A Asociación de Persoas con Discapacidade do Condado e Paradanta realizou actividades relacionadas coa saúde como foron a prestación dos servizos de fisioterapia, logopedia, natación terapéutica e hidroterapia. Tamén impartiu formación en novas tecnoloxías, ademais de obradoiros de fotografía, alimentación saudable e de recursos e técnicas de apoio para persoas con discapacidade. O Día das Persoas con Discapacidade, ADAPTA realizou unha charla sobre a lesión medular e durante todo o ano

mantivo activo o servizo de información no que se ofrece información sobre trámites como a solicitude da tarxeta de discapacidade. No apartado de lecer, continuou coas andainas adaptadas, organizou saídas a Baiona, á adega Terras Gauda e ás Illas Cíes. Participou ademais nas festas do Corpus para a que elaborou unha alfombra floral, asistiu ao encontro de baloncesto entre o Obradoiro e o Unicaja e continuou asistindo aos partidos do Celta en Balaídos.



| FIBROSE QUÍSTICA

A **Asociación Galega de Fibrose Quística** participou no IV Trail Desafío Oia Marqués de Vizhoja, acompañando o Club Cornelius. Durante o Día Mundial da Fibrose Quística, o 3 de setembro, levouse a cabo unha andaina solidaria e unha carreira de orientación no concello de Baiona, un espectáculo de maxia, a Lexión 501, unha masterclass de zumba e un concerto de Rubén de Lis, entre outras actividades.

Este ano acudiron ao VI Congreso da Federación Española de Fibrose Quística, que se celebrou en Zaragoza,

onde o fisioterapeuta da entidade, Pedro Barbolla, presentou unha ponencia e no mes de setembro, viaxaron a Madrid para participar nunha manifestación reivindicativa para o financiamento da medicación Orkambi.

Como novidade, organizaron en Ferrol un evento con baile rexional, photocall e animación. Remataron o ano coa organización da IX Xornada de Fibrose Quística no Hospital Álvaro Cunqueiro, onde o Conselleiro de Sanidade pechou o acto.



| AGL

A **Asociación Galega de Linfedema** durante 2018 atendeu 97 consultas no servizo que ten de información, orientación e asesoramento. A través da subvención da Fundación ONCE, da Xunta de Galicia a través do IRPF e as Deputacións de A Coruña e Pontevedra, desenvolveu un servizo de fisioterapia especializado no tratamento de mantemento de Linfedema, no que participaron 104 persoas.

Dentro das actividades de sensibilización, realizou conferencias no Hospital Clínico de Santiago

de Compostela coa colaboración de profesionais especializados en Linfedema, desenvolveu a charla anual na Facultade de Fisioterapia de Pontevedra destinada ao alumnado, organizou un Mercadillo Solidario en Vilagarcía e aportou información no Día Mundial do Linfedema.

Como consecuencia da grande demanda detectada a través das consultas, AGL decide incluír o Lipedema, Insuficiencia Venosa Crónica e outras Patoloxías Vasculares Periféricas, dentro dos seus estatutos.



| ASODIFISI

A **Asociación de Discapitados Físicos e Psíquicos de Mos** durante 2018 realizaron actos de sensibilización participando en festas típicas da zona como a da Rosa, a do Nadal, o Entroido, a do Pazo de Mos, todas elas compartidas con outras entidades do municipio.

Tamén organizou unha perruquería solidaria promovida por Ángel Estilistas en apoio a ASODIFISI e á Asociación Española Contra el Cáncer de Mos e participaron no programa En ruta coa Depo.

Outras actividades realizadas pola

entidade foron o concurso de postais de Nadal, a festa de fin de curso a través dun festival, a organización dun magosto, a realización de xornadas sobre a discapacidade que este ano se realizaron no CHUVI de Vigo nas que participaron unha médica rehabilitadora e unha especialista en medicina física e rehabilitación.

Continuaron co invernoiro no que se dan clases teóricas e prácticas sobre o cultivo de plantas e flores e coas actividades diarias do centro englobadas no programa Respira-Mos.



VONTADE

A **Asociación de Persoas con Discapacidade do Baixo Miño** durante o ano 2018 realizou actividades de promoción da autonomía persoal dirixidas tanto a persoas usuarias do centro de día como a persoas externas con discapacidade física, como foron as actividades de terapia ocupacional, psicoloxía, logopedia e fisioterapia. Outras actividades nas que tamén participou a entidade foron lectoescritura, manualidades e deportes adaptados como Boccia, tenis, baloncesto coa colaboración do

Club Amfiv, bádminton, pin-pon, remo, voleibol e piscina terapéutica. Vontade participou na realización e execución dun proxecto transfronteirizo entre Tomiño e a vila portuguesa Vila Nova de Cerveira, para fomentar o turismo e o deporte inclusivo poñendo en valor o recurso fluvial e patrimonio histórico na comarca do Baixo Miño. Vontade tamén participou en actividades externas, como o curso de envellecemento activo e a IV Xornada Disca-Quads.



AVANZAR

A **Asociación de Persoas con Discapacidade das Comarcas Umia-Ulla** en 2018, continuou coas actividades de sensibilización sobre a discapacidade, no C.P.I. Marcelino Rey García, incluíndo un concurso de debuxo e redacción, con premios para o alumnado de infantil, primaria e ESO.

Por outra banda, continuouse coas actividades de coiro e a semana termal no balneario de Cuntis, no que participaron.



AVEMPO

A **Asociación Viguesa de Esclerose Múltiple de Pontevedra** durante todo o ano 2018 prestou os seguintes servizos e actividades: Fisioterapia, atención social e psicolóxica, terapia ocupacional, logopedia, ioga, pilates e pintura. A entidade recibiu dous premios: "Run Run Vigo 2017" á mellor carreira popular da cidade e a "Sardiña de ouro" pola traxectoria asociativa. Como actividades solidarias e de divulgación, AVEMPO levou a cabo a

VI Carreira Solidaria pola Esclerose Múltiple e por primeira vez en Galicia a campaña "Móllate pola EM". Outros actos a destacar foron as xornadas "EMpodamento do coidador", dirixidas a familiares e coidadores. Durante o Día Nacional da Esclerose Múltiple realizou unha visita a Vigo para ver o alumeado de Nadal e á súa vez reivindicando o 33% de discapacidade para as persoas con esclerose múltiple.



ASEM GALICIA

A **Asociación Galega contra as Enfermidades Neuromusculares** durante 2018 prestou servizos de información, orientación e asesoramento en recursos e prestacións, obtención do certificado de discapacidade, produtos de apoio, adaptacións no fogar, entre outros. Continuaron cos servizos de fisioterapia, apoio psicolóxico, vida autónoma, terapia asistida con cans, banco de produtos de apoio e realizaron un curso de vela adaptado no Club de lates de Baiona.

Continuaron co servizo de publicacións, coas accións de sensibilización como Ponte na miña pel e charlas en centros escolares. Dentro das actividades de lecer, realizaron unha concentración moteira en Ponte Caldelas, festival benéfico "Compartimos nuestras fuerzas" en A Pobra do Caramiñal, a VII Gala Benéfica ASEM Galicia celebrada en Teis, entre outros. Asem Galicia tamén dedicou tempo á formación.

ESTAMOS AQUÍ: PUNTOS DE ATENCIÓN

58

puntos de atención localizados nas

4

povincias galegas

**Atendemos
tanto no
ámbito rural
como no
urbano**



QUEN NOS APOIA? FINANCIEROS



TEMPE GRUPO **INDITEX**

COGAMI

www.cogami.gal

correo@cogami.gal



Santiago (sede central)

Rúa Modesto Brocos, nº7, baixos
15704 Santiago de Compostela
A Coruña
Tif: 981 574 698
Fax: 981 105 061
correo@cogami.gal
www.cogami.gal

Galega de Economía Social

Parque Empresarial Costa Vella
República Checa, nº17
15707 Santiago de Compostela
A Coruña
Tif: 981 519 026
ges@galegadeeconomiasocial.gal
www.galegadeeconomiasocial.gal

A Coruña

Edificio A Milagrosa
Avda. de Cádiz, nº1, 1º andar, local 2
15008 A Coruña
A Coruña
Tif: 981 231 105
silcoruna@cogami.gal

Lugo

Centro Fingoi
Rúa da Luz nº4
27002 Lugo
Lugo
Tif: 982 253 332
sillugo@cogami.gal
crd.fingoi@cogami.gal

Ferrol

Rúa Sánchez Calviño, nº56-58
15404 Ferrol
A Coruña
Tif: 981 325 568
silferrol@cogami.gal

Centro Mos

Avda. do Rebullón, s/n Puxeiros
36416 Mos
Pontevedra
Tif: 986 487 925
crd.mos@cogami.gal

Pontevedra

Rúa da Marquesa, nº5-7, 1ºD
36002 Pontevedra
Pontevedra
Tif: 986 863 709
silpontevedra@cogami.gal

Centro Monteporreiro

Rúa Alemaña nº 23, baixo
36162 Pontevedra
Pontevedra
Tif: 986 845 250
crd.monteporreiro@cogami.gal

Vigo

Rúa Teixugueiras nº15, baixo
36212 Navia-Vigo
Pontevedra
Tif: 986 281 893
silvigo@cogami.gal

Centro Medelo

Manduas - Lugar de Medelo, s/n
36570 Bandeira - Silleda
Pontevedra
Tif: 663 940 759
crd.silleda@cogami.gal

Ourense

Centro Integral Aixiña
Rúa Recaredo Paz nº1
32005 Ourense
Ourense
Tif: 988 246 057
silourense@cogami.gal